



**COLEXIO OFICIAL DE
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS**

A CORUÑA - PONTEVEDRA

Ronda de Outeiro nº 8, 1º C-D
15006 – A CORUÑA
Tef. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
e-mail: colegio@coitagalicia.org
www.coitagalicia.org

Rexistro de saída nº: **199**

Data: **26/08/2020**

Estimados compañeiros e compañeiras, teño a honra de convocarvos á reunión da Xunta de Goberno a celebrar no modo, data e hora abaixo indicadas, e coa seguinte orde do día:

- Punto 1º.- Aprobación, si procede, da acta da Asemblea anterior de 20/12/19.
- Punto 2º.- Aprobación, si procede das Contas colexiais do Exercicio 2019.
- Punto 3º.- Sanción, si procede da Memoria de Actuacións colexiais de 2019.
- Punto 4º.- Informe do Sr. Presidente.
- Punto 5º.- Eventuais acordos a adoptar sobre a celebración das Eleccións a Presidente do Colexio e á Xunta de Goberno, a celebrar nos finais do ano (Asemblea do 2º semestre).
- Punto 6º.- Rogos e preguntas.

MODO DE CELEBRACIÓN: Telemática por VIDEOCONFERENCIA, mediante invitación por Cisco Webex.

FECHA: Xoves, 17 de setembro de 2020.

HORA: 19:00 h, en 1ª Convocatoria e 19:30 h, en segunda.

A Coruña, de 25 de agosto de 2020.
O PRESIDENTE.



*Firmado por 32448841G RAFAEL JOSE MUIÑOS
(R: Q1571003A) el día 27/08/2020 con un
certificado emitido por AC Representación*

Asdo.- Rafael J. Muiños Moreno.

NOTA: A documentación a aprobar compartirase na reunión, na área privada da nosa web e excepcionalmente remitirase por correo-e a quen a solicite...

NOTA IMPORTANTE ao dorso con INDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA CELEBRAR A ASEMBLEA.

DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Soportáis da Ferrería nº.4, 2º D * Tfnº e fax: 986 846117 * 36002 Pontevedra.



Gustaríame ser máis optimista e poder celebrar as nosas Asembleas coa normalidade de anos anteriores, pero aínda que, tristemente, non temos o costume de xuntarnos moitos, non semella que sexa prudente facelas de xeito presencial, polo momento, e incluso chegados á data, igual, ata pola situación epidemiolóxica, podería non ser legal...

Polo tanto, imos tratar de ter que improvisar a menos posible.

Tedes que perdoar a celebración tan tardía da Asemblea Ordinaria do 1º semestre, pero a sobrecarga da traballo na nosa Asesoría Fiscal, fixo que non tiveramos as contas para aprobar/presentar, ata a semana pasada.

Temos dúbidas, de si igual, non se podía celebrar, esta Asemblea, aínda un pouquiño máis adiante, pero ante a dúbida (hai interpretacións distintas) nos quedamos con esta data que é a máis desfavorable, pero a máis segura.

A Asemblea vaise celebrar por **“videoconferencia”** na data e horario indicados.

Vaise facer a través da “plataforma” **“Cisco Webex”**, que é a que usamos no Consello Xeral, e algunha vez ao longo destes meses a Xunta de Goberno. E funciona por **INVITACIÓN**.

Atendendo ao noso historial de participación Asemblearia, temos contratado un “aforo” de 100 persoas, pero a diferenza da celebración presencial non ides poder “asistir” só porque ese día vos levantastes con ganas de xuntanza... e por desgracia, creo que o aforo debería ser suficiente, pero chegado o caso se podería ampliar.

ASÍ POIS, OS QUE DESEXEDS ASISTIR, TEREDES QUE RECIBIR CON ANTERIORIDADE Á CELEBRACIÓN DA REUNIÓN UNHA INVITACIÓN, QUE VOS CHEGARÁ POR CORREO-E DA CONTA DE CORREO-E DO PRESIDENTE.

Para recibir a invitación, deberedes comunicar ao Colexio, polo medio que estimesdes (teléfono, correo-e, ...), **ata o luns 14 de setembro**, o enderezo de correo-e onde queredes recibir a invitación que, **IMPORTANTE, deberá estar asociado ao dispositivo (sobremesa, portátil, tablet ou smartphone) dende o que queirades seguir a reunión.**

No correo-e que recibiredes como invitación, con anterioridade á se inclúe **unha “ligazón” facilmente visible “UNIRSE A LA REUNIÓN” e un contrasinal, que en condicións normais non debera precisarse.**

Saúde, sorte e traballo...